



políticas de desenvolvemento rexional

A ANÁLISE DAS POLÍTICAS de desenvolvemento rexional estrutúrase en 6 grandes apartados. No primeiro deles, preséntanse unha serie de variables que nos permiten caracteriza-la situación das 12 áreas funcionais de Galicia, así como a caracterización da Galicia interior e a Galicia occidental-costa.

Para a realización deste primeiro punto pártese dos datos do *Anuario económico 2002* publicado por La Caixa, da renovación do Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2001, do Mapa comarcal de Galicia, do *Directorio de Empresas de Galicia* publicado polo IGE, dos datos facilitados polo Ardán e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Entre os aspectos salientables, as 24 comarcas pertencentes á Galicia occidental-costa (138 concellos) acollen o 33,6% da superficie e o 69,3% da poboación galega,

sendo a súa densidade de poboación de 189,9 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,6 habitantes por quilómetro cadrado no caso da Galicia interior. En termos xerais, os diferentes indicadores económicos e variables con incidencia económica amosan unha distribución entre o interior e a costa similar que a seguida polos datos poboacionais.

En termos de áreas funcionais, hai que salientala concentración de empresas nas áreas funcionais de Vigo e A Coruña, que acollen ó 40,4% das empresas (fonte: IGE) e facturan en torno ó 62% do valor engadido bruto e dos ingresos de explotación (fonte: Ardán).

Posteriormente, descríbense os instrumentos de desenvolvemento rexional da Unión Europea e os do Estado, para analizar despois os investimentos territorializados das administracións públicas. Finalmente, as últimas partes do punto están dedicadas ó estudio dos indicadores económicos de Galicia en

5.

termos de recadación tributaria e de contabilidade rexional.

Desenvolvemento interior de Galicia

A primeira aproximación ó desenvolvemento interior de Galicia realízase a partires dos datos referidos ó **territorio e poboación** en Galicia. Tal e como reflicte o **cadro C.5.10.** (*Territorio e poboación nas áreas funcionais galegas*), se considerámo-la separación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, os 138 concellos pertencentes á Galicia occidental-costa acollen o 69,3% da poboación galega segundo os datos do padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2001, sendo a súa densidade de poboación de 189,9 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,6 habitantes por quilómetro cadrado da denominada Galicia interior.

O número de entidades de poboación na Galicia interior ascendeu a 16.283, o 54,4% do total de Galicia, o que da mostra do grao de dispersión da poboación galega.

Atendendo ós datos das diferentes áreas funcionais, A Coruña e Vigo son as que presentan a maior poboación, con 515.128 e 504.305 habitantes (o 18,8% e o 18,5% da poboación galega, respectivamente). En termos de densidade de poboación, a área funcional con maior densidade é Vigo, con 314,1 habitantes por quilómetro cadrado, seguido de Pontevedra, con 254,5 hab./km². Pola contra, as que presentan unha menor densidade son Verín e O Barco, con 21,4 e 25,1 hab./km².

No concernernte ó estudio do **mercado laboral**, o **cadro 5.4.1.** reflicte que o número de parados rexistrados no Servicio Galego de Colocación (SGC) a 31 de decembro do 2001 ascendeu a 138.354 persoas, das que o 74% están na Galicia occidental-costa (esta acolle o 69,3% da poboación galega segundo a revisión do padrón a 1 de xaneiro do 2001).

Atendendo á desagregación segundo o nivel de estudos, do **cadro 5.4.1.** dedúcese que o 37% dos parados rexistrados corresponde a persoas con EXB e un 31% a persoas con certificado de escolaridade. Este cadro amosa certas diferencias entre a Galicia interior e a Galicia costa, xa que o peso relativo dos desempregados con estudos de EXB, BUP e estudos superiores é superior na Galicia costa que na Galicia interior; mentres que no caso dos desempregados con certificado de escolaridade e persoas con estudos primarios sen certificado, acontece o contrario.

Segundo a súa distribución sectorial, o devandito **cadro 5.4.1.** reflicte que o subsector comercio e hostalería é o que abrangue a maior porcentaxe de paro rexistrado, co 20,7% do desemprego total rexistrado en Galicia, seguido dos desempregados sen emprego anterior, co 19,2%, e do sector industrial, co 18%.

Comparado coa media galega, cómpre salienta-la elevada porcentaxe do paro industrial en Vigo e O Barco (22,9% e 22% do desemprego nesas áreas funcionais). A porcentaxe de persoas sen emprego anterior acada o 27,3% en Lalín e o 29,5% en Ferrol, mentres que no caso da construción, fronte ó 11,4% de media en Galicia, nas comarcas de Verín, Monforte e Lalín, esta porcentaxe ascendeu ata o 23,5%, 16,25 e 18,2%, respectivamente. Finalmente, a importancia relativa do desemprego rexistrado no sector primario foi do 2,6% en Galicia, sendo as áreas funcionais de A Mariña e Pontevedra as que presentan a maior porcentaxe, co 4,6% e 3,9% do desemprego rexistrado nas súas áreas funcionais, respectivamente.

Os **cadros 5.4.2.** e **5.4.3.** reflicten as demandas e ofertas rexistradas nas oficinas de emprego. Das 42.275 ofertas rexistradas, o 74,4 % realízase na Galicia occidental-costa, mentres que no caso das demandas de emprego (145.515), esta porcentaxe ascende ó 70%.

No caso dos contratos rexistrados no

5.

CADRO 5.4.1.

Paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia a 31/12/01: distribución segundo sexo, nivel de estudos e sector económico

	Vigo	Pontevedra	Lalín	Ourense	O Barco	Verín	Lugo	Monforte	A Mariña	Ferrol	A Coruña	Santiago	Galicia	Galicia Occidental- costa	Galicia Interior	
Total	29.443	17.455	2.164	13.211	1.366	2.146	9.175	2.359	2.810	11.957	27.111	19.157	138.354	102.384	35.970	
Homes	11.081	6.146	936	5.392	572	1.042	4.018	1.087	990	4.192	11.253	7.985	54.694	39.184	15.510	
Mulleres	18.362	11.309	1.228	7.819	794	1.104	5.157	1.272	1.820	7.765	15.858	11.172	83.660	63.200	20.460	
Segundo nivel de estudos																
grao superior	1.323	807	87	543	28	33	450	74	130	600	1.733	1.357	7.165	5.821	1.344	
grao medio	1.155	746	95	559	51	35	640	94	128	607	1.224	665	5.999	4.403	1.596	
formación profesional	2.013	1.460	204	855	150	123	805	219	335	849	1.895	1.256	10.164	7.432	2.732	
BUP	3.749	1.758	243	1.704	130	116	951	234	341	1.659	3.042	2.465	16.392	12.592	3.800	
EXB	11.789	7.198	770	4.083	384	605	2.820	828	976	4.719	9.223	7.795	51.190	39.713	11.477	
certificado escolaridade	8.770	4.871	590	4.913	588	1.180	2.972	837	688	3.226	9.285	5.021	42.941	29.631	13.310	
primarios sen certificado	617	601	173	546	32	50	528	73	209	292	648	567	4.336	2.665	1.671	
sen estudos	27	14	2	8	3	4	9	-	3	5	61	31	167	127	40	
Distribución sectorial																
Agricultura e pesca	701	680	36	307	17	62	190	80	129	201	554	611	3.588	2.731	837	
industria	6.739	3.326	339	2.166	300	401	1.043	264	292	1.941	4.665	3.463	24.939	19.311	5.628	
electricidade	14	6	-	12	12	12	21	5	15	11	91	10	209	144	65	
construción	2.275	1.581	350	1.812	209	505	1.238	438	281	1.171	3.259	2.704	15.823	10.354	5.469	
comercio e hostalería	6.696	3.774	376	2.614	295	383	2.024	386	666	2.052	5.617	3.895	28.578	21.528	7.050	
transporte e comunicacións	964	526	94	272	24	49	286	55	84	245	920	612	4.061	3.163	878	
outros servizos	6.891	3.985	419	3.694	327	411	2.734	620	812	2.809	7.613	4.301	34.616	25.362	9.234	
sen emprego anterior	5.163	3.577	590	2.334	182	323	1.639	511	561	3.527	4.392	3.761	26.560	19.751	6.809	

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Observatorio Ocupacional, Informe comarcal do mercado laboral 4º trimestre 2001



CADRO 5.4.2.

Ofertas de emprego rexistradas no Servizo Galego de Colocación 2001: distribución segundo áreas funcionais

	Total	Agrario	Construcción	Industria	Servicios	Licenciados e diplomados
A Coruña	18.875	404	4.281	3.674	7.982	2.534
Ferrol	2.067	49	388	617	753	260
A Coruña	10.545	193	2.399	2.185	4.440	1.328
Santiago	6.263	162	1.494	872	2.789	946
Lugo	3.699	162	673	627	1.923	314
A Mariña	707	27	159	109	371	41
Lugo	2.814	109	496	479	1.469	261
Monforte	178	26	18	39	83	12
Ourense	5.936	158	975	947	3.438	418
Verín	100	2	10	2	82	4
O Barco	416	72	104	47	169	24
Ourense	5.420	84	861	898	3.187	390
Pontevedra	13.765	186	3.645	2.688	6.245	1.001
Vigo	7.172	105	1.678	1.573	3.222	594
Pontevedra	5.565	77	1.696	870	2.586	336
Lalín	1.028	4	271	245	437	71
Galicia Occidental-costa	31.442	522	7.552	6.036	13.849	3.483
Galicia interior	10.833	388	2.022	1.900	5.739	784
Total	42.275	910	9.574	7.936	19.588	4.267

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Informe comarcal do mercado laboral 4º trimestre 2001

CADRO 5.4.3.

Demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación 2001

	Total	Homes	Mulleres	Homes (%)	Mulleres (%)
A Coruña	57.183	20.567	36.616	36,0	64,0
Ferrol	12.405	4.373	8.032	35,3	64,7
A Coruña	25.620	9.320	16.300	36,4	63,6
Santiago	19.158	6.874	12.284	35,9	64,1
Lugo	17.295	6.654	10.641	38,5	61,5
A Mariña	3.744	1.217	2.527	32,5	67,5
Lugo	11.005	4.330	6.675	39,3	60,7
Monforte	2.546	1.107	1.439	43,5	56,5
Ourense	22.333	8.427	13.906	37,7	62,3
Verín	2.111	963	1.148	45,6	54,4
O Barco	1.597	551	1.046	34,5	65,5
Ourense	18.625	6.913	11.712	37,1	62,9
Pontevedra	48.704	15.612	33.092	32,1	67,9
Vigo	29.699	9.758	19.941	32,9	67,1
Pontevedra	16.665	4.993	11.672	30,0	70,0
Lalín	2.340	861	1.479	36,8	63,2
Galicia Occidental-costa	101.898	34.463	67.435	33,8	66,2
Galicia interior	43.617	16.797	26.820	38,5	61,5
Total	145.515	51.260	94.255	35,2	64,8

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Informe comarcal do mercado laboral 4º trimestre 2001

Servizo Galego de Colocación, o **cadro 5.4.4.** amosa que dos 567.353 contratos (56,6% a homes), máis dun 80% corresponden á Galicia occidental-costa. Atendendo á distribución dos contratos nas diferentes áreas funcionais segundo sector, cómpre salientar que na área funcional de Pontevedra o sector dos transportes acolle o 16,9% dos contratos nesa área, fronte ó 7,5% de media en Galicia.

No caso da construción, estes contratos supoñen o 13,6% dos contratos en Galicia, mentres que nas áreas funcionais de Lalín, Verín e Ferrol, esta porcentaxe acada o 32,2%, 23,5% e 19,8%, respectivamente. O sector industrial acolle o 16,3% dos contratos en Galicia, sendo esta porcentaxe do 41,3% en O Barco, e superior ó 23% en Ferrol e Lalín.

CADRO 5.4.4.

Contratos rexistrados no Servizo Galego de Colocación 2001

	Total	Homes		Mulleres		Agricultura e pesca		Industria		Electricidade		Construción		Comercio e hostalería		Transporte e telecomunicacións		Outros	
A Coruña	240.976	135.657	105.319	1.710	39.154	354	35.520	49.107	12.908	102.223									
Ferrol	25.489	16.235	9.264	281	6.205	62	5.060	4.042	718	9.131									
A Coruña	134.940	70.165	64.775	592	21.084	234	19.389	32.414	4.911	56.316									
Santiago	80.537	49.257	31.280	837	11.865	58	11.071	12.651	7.279	36.776									
Lugo	60.034	31.372	28.662	1.560	5.363	22	7.363	11.229	2.090	32.407									
A Mariña	13.772	6.748	7.024	273	1.311	3	2.028	2.425	374	7.358									
Lugo	38.546	21.189	17.357	1.086	3.534	18	4.562	7.994	1.547	19.805									
Monte	7.716	3.435	4.281	201	518	1	773	810	169	5.244									
Ourense	42.881	25.920	16.961	1.272	8.154	110	7.202	8.892	1.265	15.986									
Verín	3.104	1.979	1.125	117	563	33	730	572	172	917									
O Barco	4.502	2.974	1.528	52	1.861	29	725	892	135	808									
Ourense	35.275	20.967	14.308	1.103	5.730	48	5.747	7.428	958	14.261									
Pontevedra	223.462	128.174	95.288	2.341	40.036	126	26.820	39.804	26.200	88.135									
Vigo	147.468	83.170	64.298	989	25.914	99	13.551	24.503	14.316	68.096									
Pontevedra	67.799	39.247	28.552	1.090	12.193	19	10.621	13.901	11.451	18.524									
Lalín	8.195	5.757	2.438	262	1.929	8	2.648	1.400	433	1.515									
Galicia Occidental-costa	459.496	258.227	201.269	3.690	76.159	465	59.085	88.124	38.637	193.336									
Galicia interior	107.857	62.896	44.961	3.193	16.548	147	17.820	20.908	3.826	45.415									
Total	567.353	321.123	246.230	6.883	92.707	612	76.905	109.032	42.463	238.751									

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Informe comarcal do mercado laboral 4º trimestre 2001



No caso do sector primario, fronte ó 1,2% dos contratos rexistrados en Galicia, en Verín e Lalín representan o 3,8% e 3,2%, respectivamente.

En relación ós **indicadores económicos** de Galicia, **cadro C.5.11.** (*Principais indicadores económicos das áreas funcionais galegas 2000*), a “cota de mercado” –índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000 sobre o total nacional)– amosa que a Galicia occidental presenta unha capacidade de consumo de 4.252 (o 68,1% do valor do índice en Galicia) e que na Galicia interior, este é de 1.975.

Respecto ós diferentes “índices”, hai que salientar que a Galicia occidental costa ten uns valores en torno ó 70% do total de Galicia, agás no caso do índice turístico, que representa o 81,1% do valor total de Galicia e expresa a importancia turística desta área.

Centrándonos no caso das áreas funcionais, a área funcional de A Coruña é a que presenta os maiores valores nos 8 indicadores considerados, seguida sempre por Vigo agás no caso do índice turístico, onde as áreas funcionais de Santiago e Pontevedra sitúanse entre as dúas áreas funcionais.

Pola contra, Verín e O Barco son as dúas áreas funcionais con menores valores nos diferentes índices, agás no caso do índice industrial, onde Verín é a área funcional co índice menor, seguida de Lalín, Monforte e O Barco.

En relación ás variables con incidencia na actividade económica, **cadro C.5.12.** (*Principais variables con incidencia na actividade económica nas áreas funcionais galegas 2000*), pódese salientar que, agás no caso das oficinas bancarias e das actividades industriais, todas seguen unha distribución Galicia occidental-costa e Galicia interior similar á existente para a variable poboacional.

Así a Galicia occidental-costa acolle en torno ó 70% dos teléfonos, empresas, actividades comerciais polo miúdo ou actividades de restauración e bares, en tanto que a porcentaxe de actividades industriais na Galicia occidental-costa é do 62% e o peso relativo do número de oficinas bancarias no total galego está en torno ó 65%.

Ó igual que acontecía no caso dos diferentes índices económicos, A Coruña e Vigo son as áreas funcionais que presenta os valores máis altos das variables consideradas, mentres que as áreas funcionais menos desenvolvidas seguen a ser Verín e O Barco.

A partires dos datos do *Directorio de empresas de Galicia* presentado polo IGE, é posible coñece-la distribución das empresas segundo a súa actividade económica e a área funcional á que pertencen.

Atendendo á distribución entre Galicia occidental-costa e á Galicia interior, os **cadros 5.4.5.** e **C.5.15.** (*VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 1999-00: distribución segundo áreas funcionais*) reflicten que as 24 comarcas pertencentes ó primeiro grupo acollen o 70,6% do total de empresas que teñen a súa sede social en Galicia (fonte: IGE), xerando o 85,3% do VEB de 2000 e o 86,1% dos ingresos de explotación.

Nestas comarcas salienta, por unha banda, o elevado peso relativo no total galego das empresas pertencentes ó subsector fabricación de material de transporte, co 92,5% das empresas, e das industrias do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados, co 84,3%. Pola contra, a importancia relativa das industrias extractivas (e a dos seus compoñentes), acada o 56,2%, a das industrias de alimentación, bebidas e tabaco, o 55,6% e a das industrias do coiro e do calzado, o 54,7%.

Os devanditos **cadros 5.4.5.** e **C.5.15.** amosan a concentración da actividade nas áreas funcionais de A Coruña e Vigo, onde as

CADRO 5.4.5.

Número de empresas en Galicia a 1 de xaneiro de 2000: distribución segundo áreas funcionais

	Área funcional de Ferrol	Área funcional de A Coruña	Área funcional de Santiago	Áreas funcionais Montebale	Área funcional de Lugo	Área funcional de A Mariña	Área funcional de Ourense	Área funcional de Verín	Área funcional de O Barco	Área funcional de Vigo	Área funcional de Pontevedra	Área funcional de Lalín	Galicia interior	Galicia Occidental-costa	Total Galicia
Industrias extractivas	13	25	24	8	44	22	40	8	36	147	21	14	176	226	402
Extracción de produtos enerxéticos	1	1	0	0	4	2	0	0	0	0	0	0	4	4	8
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	12	24	24	8	40	20	40	8	36	147	21	14	172	222	384
Industria manufacturadeira	670	3.058	1.938	337	1.153	441	1.677	178	232	2.578	1.498	508	4.793	9.475	14.268
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	164	426	373	124	254	75	460	57	88	330	348	98	1.241	1.556	2.797
Industria téxtil e da confección	70	672	304	27	63	81	141	31	4	297	146	66	468	1.434	1.902
Industria do coiro e do calzado	0	16	11	8	4	1	11	1	0	11	0	1	29	35	64
Industria da madeira e da cortiza	83	298	286	43	143	81	252	30	33	320	211	124	754	1.150	1.904
Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	40	244	162	7	49	18	48	4	4	250	92	19	147	790	937
Industria química	8	38	16	0	9	2	20	1	1	40	20	6	41	120	161
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	7	52	10	1	12	1	24	0	0	80	16	1	49	155	204
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	32	178	114	21	93	32	127	12	42	209	114	43	397	620	1.017
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	102	410	306	65	269	57	283	29	41	446	237	77	885	1.447	2.332
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	18	139	44	4	51	17	28	0	5	121	49	8	115	369	484
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	21	100	62	7	31	9	55	3	4	123	34	6	114	341	455
Fabricación de material de transporte	49	72	36	1	14	29	16	0	2	171	100	1	37	454	481
Industrias manufacturadeiras diversas	76	413	214	29	161	38	202	10	8	180	131	58	516	1.004	1.520
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	16	38	23	4	9	4	8	0	1	11	7	5	33	83	126
Construción	1.157	4.391	2.578	502	1.723	709	2.865	277	417	3.063	2.589	708	7.515	13.464	20.979
Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico	3.462	11.288	7.101	1.116	4.370	1.520	5.230	632	645	10.297	6.788	1.351	15.371	38.429	53.800
Hostalería	1.704	4.212	3.175	417	1.693	594	2.082	288	258	3.376	2.485	569	6.189	14.664	20.853
Transporte, almacenamento e comunicacións	777	2.924	1.669	268	1.470	363	1.180	198	153	2.609	1.310	441	4.371	8.991	13.362
Intermediación financeira	186	538	309	45	202	67	223	20	26	412	213	51	649	1.643	2.292
Actividades inmobiliarias e de alugueiro; Servicios empresariais	1.275	6.483	2.779	298	1.898	384	2.138	127	171	4.708	2.306	335	5.411	17.491	22.902
Educación	196	546	396	31	194	61	246	17	19	588	268	39	605	1.996	2.801
Actividades sanitarias e veterinarias; Servicios sociais	381	1.239	826	80	545	110	463	30	44	1.018	620	103	1.356	4.103	5.459
Outras actividades sociais e de servizos prestados á Comunidade; Servizos persoais	687	2.005	1.269	191	715	266	865	79	96	1.615	1.035	188	2.394	6.617	9.011
Total industria	699	3.121	1.985	349	1.206	467	1.725	186	269	2.736	1.526	527	5.002	9.794	14.796
Total	10.524	36.747	22.087	3.297	14.016	4.541	17.017	1.854	2.098	30.422	19.140	4.312	48.863	117.192	166.055

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE, Directorio de empresas de Galicia



Situación financeira dos instrumentos de Política Rexional da UE 2000

<u>Instrumento financeiro</u>	<u>Concepto</u>	<u>Importe</u>	<u>G/E</u>
		<i>(en miles de €)</i>	<i>(%)</i>
FEDER	Pagos percibidos 2000	43.124,4	1,5
FEOGA-Orientación	Aplicación de recursos a 31/12/00	4.562,3	1,5
FEOGA-Garantía	Pagos efectuados 2000	87.556,0	1,5
IFOP	Aplicación de recursos a 31/12/00	2.642,0	1,4

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir dos datos do *Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales 2000*

empresas emprazadas nestas áreas funcionais (o 40,4% do total das empresas galegas) xeran o 61,7% do valor engadido bruto e o 63,5% dos ingresos de explotación. Atendendo ás distintas ramas de actividade Vigo e A Coruña acollen máis das empresas galegas no caso das industria de transformación do caucho e materias plásticas (64,7%), da industria da construción de maquinaria e equipo mecánico (53,7%), da industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de sopores gravados (52,7%), da industria téxtil e da confección (50,9%) e da industria de fabricación de material de transporte e de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico, co 49%.

Instrumentos de desenvolvemento rexional da Unión Europea

O interese do comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia, e o impacto dos diferentes instrumentos de Política Rexional da Unión Europea e do Estado en Galicia, xustifica remiti-la análise correspondente o ano 2000, ó dispoñer como fonte do Informe Económico Financeiro das Administracións Territoriais do Ministerio de Administracións Públicas, publicado no ano 2001.

No ano 2000, os pagos do **FEDER** percibidos pola Comunidade Autónoma de Gali-

cia (Obxectivo 1) ascenderon a 43.124,4 miles de euros, segundo datos da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda.

A súa distribución por axentes investidores foi a seguinte: 3,66 millóns de euros corresponderon á Administración do Estado; a Comunidade Autónoma no tivo pagos FEDER percibidos; 22,68 millóns de euros corresponderon á Administración Local; 12,55 millóns de euros corresponderon ás empresas públicas; 4,24 millóns de euros, a outros axentes.

Os ditos pagamentos supuxeron o 1,9% dos efectuados ás Comunidades Autónomas, Obxectivo I, e o 1,5% do total cobrado.

A contribución financeira do **FEOGA-Orientación**, no sector agrario, no ano 2000, por aplicación dos recursos a 31/12/2000, segundo a oficina orzamentaria do MAPA, elevouse a 4.562,3 miles de euros de iniciativas e do programa Proder.

A dita contribución financeira supuxo o 3,2% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o 1,5% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

Respecto ós pagos efectuados con cargo ó **FEOGA-Garantía**, estes ascenderon a 87.556 miles de euros, o que representa o

1,5% do total dos pagos efectuados no conxunto do estado.

A contribución financeira do **IFOP** no sector pesqueiro no ano 2000, por aplicación dos recursos a 31/12/2000, ascendeu a 2.642 miles de euros, o que supuxo o 5% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o 1,4% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

Todos estes pagos resúmense no **cadro 5.4.6.**

Instrumentos de desenvolvemento rexional do Estado

A política rexional do Estado concrétase a través do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), os fondos económicos rexionais, o programa de cooperación económica local e mailas transferencias do Estado ás entidades locais.

• *Fondo de Compensación Interterritorial*

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado á Comunidade Autónoma, a política rexional de investimentos do Estado finánciase a través do Fondo de Compensación Interterritorial, que foi para Galicia no ano 2000 de 148,78 millóns de euros. A participación relativa de Galicia no dito fondo se mantivo no 17,5%.

• *Incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos*

Segundo os datos da Dirección Xeral de Análise e Programación Orzamentaria do Ministerio de Facenda en 2000, Galicia, con 52 proxectos por un total de 131,75 millóns de euros de investimento subvencionable, conseguiu unha subvención aprobada de 21,68 millóns de euros, o que supón o 16,5% sobre o investimento subvencionable. A dita cifra superou a media das comunidades autónomas incluídas neste sistema, que foi do

13,8%. (Galicia polo sistema de incentivos rexionais pode chegar ata o 40% da intensidade da axuda do investimento subvencionable, 10 punto menos que o ano anterior). Os ditos proxectos consideraban a creación de 923 postos de traballo e o mantemento doutros 2.025 empregos.

A distribución dos investimentos subvencionables entre os principais sectores económicos foi a seguinte: Industria química e produción de fibras artificiais e sintéticas (14,9%); industria de produtos alimenticios, bebidas e tabaco (17,3%) e construción de automóbiles, pezas de reposto e material de transporte (13,6%).

• *Programa de Cooperación Económica Local da Administración do Estado*

Dentro do Programa de Cooperación Económica Local de 1999, as Corporacións galegas executaron, a 01/06/2001, 15,75 millóns de euros correspondentes as subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que supón un 92,2% das subvencións aprobadas e un 93% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón o 14,2% do total estatal executado a dita data.

Do Programa de Cooperación Económica Local do ano 2000, a 01/06/2000, as Corporacións galegas executaron 5,47 millóns de euros das subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que significa o 32,2% das subvencións aprobadas e o 32,3% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón o 17,8% do total executado a dita data.

• *Outras axudas do Estado ás entidades locais*

No ano 2000, Galicia recibiu transferencia corrente do Presuposto Xeral do Estado por 8,9 millóns de euros e transferencia de capital por 31,19 millóns de euros, o que supuxo un 1,5% e un 0,8% do total das transferencias do Estado ás entidades locais.

5.

Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 2000

	Importe (en miles de €)	C.A./Total (%)	00/99 (%)
Andalucía	745.117,4	9,8	13,7
Aragón	341.448,8	4,5	64,3
Asturias	229.054,1	3,0	16,3
Baleares	77.373,7	1,0	-23,8
Canarias	202.117,4	2,7	6,6
Cantabria	120.280,0	1,6	19,3
Castela - A Mancha	253.476,9	3,3	18,1
Castela e León	527.304,0	7,0	-2,8
Cataluña	414.722,4	5,5	30,4
Extremadura	203.790,6	2,7	71,2
Galicia	340.785,9	4,5	-5,7
Madrid	1.148.234,8	15,2	-4,2
Murcia	169.948,8	2,2	-13,6
Navarra	20.556,4	0,3	23,2
País Vasco	130.844,5	1,7	26,9
Rioxa	88.078,9	1,2	67,6
C. Valenciana	327.325,0	4,3	42,5
Ceuta	29.348,6	0,4	36,0
Melilla	24.019,4	0,3	30,9
Total territorializado	5.393.827,6	71,3	11,3
Non territorializado	1.709.874,0	22,6	7,2
Exterior	463.952,5	6,1	-13,5
Total	7.567.654,1	100	8,5

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales. Presupuestos Generales del Estado para 2000

5.

Investimentos territorializados das Administracións Públicas

O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado do ano 2000, acadou unha porcentaxe territorializable do 71% do total (1,8 puntos mais que no anterior exercicio), mentres o 22,5% figura dentro da modalidade non territorializado e o 6,1% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración. do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para o ano 2000, un volume de investimento público real territorializable de 340,79 millóns de euros, o que supón un 5,7% menos que no ano anterior e o 4,5% do total do Estado (**cadro 5.4.7.**).

O comportamento dos axentes das administracións públicas en 2000 e 2001, correspondentes o investimento civil (presupostos

iniciais de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos) foi o seguinte: os Concellos pasaron de 308,32 millóns de euros no ano 2000 a 323,34 millóns de euros no ano 2001; as Deputacións pasaron de 75,73 millóns de euros no ano 2000 a 78,13 millóns de euros no ano 2001; a Comunidade Autónoma pasou de 704,99 millóns de euros no ano 2000 a 789,13 millóns de euros no ano 2001; e o Estado pasou de 261,44 millóns de euros no ano 2000 a 240,41 millóns de euros no ano 2001 (**cadro C.5.7.:** *Investimento público real territorializado pos axentes das administracións públicas 2000-2001: presupostos iniciais*).

A participación dos distintos axentes das administracións públicas no gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1998-2001, reflicten a seguinte situación:

CADRO 5.4.8.

Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 1999-01

	Galicia		España		Galicia / España	
	1999 (2)	2001 (4)	1999 (2)	2001 (4)	1999 (2)	2001 (4)
	(en millóns de €)					
PIB a precios de mercado (1)	27.695	31.279	511.115	589.475	5,42	5,34
VEB a precios básicos (1)	25.205	26.483	462.970	495.353	5,44	5,37
Remuneración de asalariados	14.396	15.378	283.041	304.535	5,09	5,05
Excedente bruto de explotación	13.159	13.836	225.070	241.631	5,85	5,73
	(en miles de empregos)					
Emprego total (postos de traballo)	1.026,1	1.087,9	15.402,6	16.261,2	6,66	6,64
Emprego asalariado	726,3	761,2	12.693,8	13.204,2	5,72	5,76

(1) prezos correntes

(2) datos provisionais

(3) avance

(4) primeira estimación

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE, Contabilidade Regional de España

Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 2000

	unidade de medida	período de referencia	Galicia	España
Producción				
PIB a prezos de mercado/hab.	(España=100)	2000	80,8	100
Renda bruta disponible/hab. (1)	(España=100)		85,9	100
PIB / hab. en UPA (2)	(media UE 15=100)	1999	65	82
VEB a prezos básicos				
Agricultura			6,7	3,5
Industria	(%)	2000	21,5	20,9
Construcción			9,8	8,5
Servicios			62,0	67,1
Productividade do traballo				
VEB pm/ocupado				
Agricultura			81,7	100
Industria	(España=100)	1999	53,5	100
Construcción			95,5	100
Servicios			89,9	100
Taxa media anual acumulada do VEB pm/ocupado				
Agricultura			1,82	0,52
Industria	(%)	1995-99	6,05	4,23
Construcción			0,52	0,11
Servicios			0,77	- 0,98
			0,10	0,09
Estructura sectorial do emprego				
Agricultura			18,0	6,8
Industria	(% sobre o total dos ocupados)	2000	17,8	19,9
Construcción			11,8	11,0
Servicios			52,4	62,3

(1) Datos procedentes de Funcas

(2) Datos procedentes de Eurostat

Fonte: Secretaría de Estado de Organización Territorial del Estado, IN E, Contabilidad Regional de España, base 1995; Encuesta de Población Activa

5.

a Comunidade Autónoma participou con 51,4%; as Deputacións, con 6,3%; os Concellos, con 22,4% e o Estado, con 19,9%.

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación tributaria de 2000 e 2001, extractada nas principais figuras impositivas, recóllese no **cadro C.5.15**. (*Recadación dos principais impostos estatais 2000-01*).

A recadación líquida total en Galicia no ano 2001 foi de 3.800,2 millóns de euros. Este importe representa un incremento nominal de 305,4 millóns de euros sobre o acadado no ano 2000 o que, en termos relativos, supón un incremento do 8,7%.

En Galicia a recadación líquida do IRPF aumentou os seus ingresos no ano 2001, en

termos nominais, nun 12,4%, acadando os 1.622,3 millóns de euros.

A recadación do Imposto sobre Sociedades no ano 2001 foi de 719,8 millóns de euros, cunha taxa de incremento respecto ao ano 2000, do 3,5%.

A recadación do IVE no ano 2001 foi de 1.230,3 millóns de euros, cunha taxa de variación do 3,8% respecto ó ano anterior.

Indicadores económicos de Galicia en termos de contabilidade rexional

No **cadro 5.4.8**, reflíctase a evolución dos indicadores de Galicia e España en termos de Contabilidade Rexional 1999-2001. No ano 2001, a participación da economía galega no PIB estatal a prezos de mercado (prezos correntes) é do 5,31%, sendo de 5,34% no ano 2000. Neste último ano, a

importancia relativa da remuneración de asalariados en Galicia no conxunto do estado foi o 5,05%, sendo do 5,73% no caso do excedente bruto de explotación.

A avaliación da contribución de cada factor da produción o comportamento da economía, a eficacia productiva e a competitividade da rexión, reflíctese nos datos da produtividade do traballo (**cadro 5.4.9.**) ■

5.

